

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

JUDO

COMEZO: VENRES 01/10/2021

Estimadas familias:

Queremos confirmarvos que todos aqueles que se apuntaron á actividade de Judo a mesma dará comezo mañá venres 01/10/2021, dando comezo ás 16:00 horas e rematando as 17:00 horas.

Como todos sabedes, as circunstancias actuais implican ter que cumprir cunha serie de medidas dacordo co protocolo Covid da Xunta e, en consecuencia, adaptar a forma de proceder para que sexa o máis seguro e práctico posible.

É por iso que vos facemos un resumo do máis importante, se ben en breve vos facilitaremos o plan de continxencia elaborado pola ANPA e aprobado polo Consello Escolar para o cumprimento da normativa vixente ó respecto:

- 1) Prégase máxima puntualidade na ENTRADA ós nenos que acoden á actividade desde o exterior: a entrega dos nenos/as farase pola PORTA PEQUENA, non estando permitido que os pais accedan o recinto escolar. Será neste acceso cando se faga o control de temperatura, segundo protocolo. Se a temperatura fose superior a 37º o neno/a non poderá quedar á actividade.
- 2) Os nenos/as que acudan a comedor serán trasladados por un monitor de Jardanay ata a porta do pavillón, no que serán recollidos polo monitor de Judo, que lles fará o control de temperatura. Se a temperatura fose superior a 37º avisarase ós seus pais para que acuden o centro o antes posible.
- 3) A SAÍDA farase tamén pola PORTA PEQUENA, debendo esperar as familiar fora, sen acceder ó recinto escolar.
- 4) Para unha mellor organización e axilidade, en relación coa equipación de Judo, poderase prescindir do uso do pantalón da equipación, utilizando únicamente a chaqueta e cinto. En todo caso, deste tema seredes informados con maior precisión directamente polo clube de Edukajudo. De calquera xeito, o primeiro día non é necesario levar nada.
- 5) Empregarase a MÁSCARA en todo momento (monitores e alumnado) tanto no local da actividade como nos espazos comúns, así como nas entradas e saídas. O uso de máscara

será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade, e moi recomendable para os de menor idade.

- 6) Os/as asistentes deberán traer cando menos UNHA SEGUNDA MÁSCARA DE REPOSTO nun estoxo axeitado.

- 7) Adxuntamos ENQUISA DE AUTOEVALUACIÓN clínica do Covid-19 a realizar polas familias, para facilitar a identificación dos síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. Non deberán acudir á actividade os alumnos nin os monitores cos seguintes síntomas: febre superior a 37,5º, tose seca, dificultade respiratoria, fatiga severa (cansazo), dor muscular, falta de olfato, falta de gusto ou diarrea.

- 8) As familias teñen DEBER DE INFORMAR ao persoal monitor no caso que se de algunha das circunstancias previstas na enquisa de autoavaliación para o seu coñecemento e traslado ao centro educativo que o porá en coñecemento do Equipo Covid.

- 9) Todas as familias que se apunten DEBERÁN FIRMAR a correspondente FOLLA DE DECLARACIÓN DE RESPONSABILIDADE na que se compromenten a respectar as normas e, por conseguinte, de non enviar ás actividades aos seus fillos/as se teñen algún deses síntomas ou se estivo en contacto con algún positivo. Adxuntamos a mesma, se ben tamén se lles entregará ós nenos unha copia ó inicio das actividades para que a cumplimentedes e devolvades firmada.

Coma sempre, para poder resolver calquera dúbida que vos poida xurdir, poñemos a vosa disposición o correo electrónico da ANPA (anpa.sardinheira@gmail.com) e o teléfono móbil para a comunicación a través de whatsapp ([693 39 93 25](https://www.whatsapp.com/business/profile/693399325)).

Recibide un afectuoso saúdo.

En A Coruña, a 30 de Setembro de 2021

ANPA SARDIÑEIRA
DE LA ESCUELA INFANTIL Y
EDUCACIÓN PRIMARIA JOSE CORNIDE